

Troita

Nº 1

Boletín Informativo do Concello de Oroso

Abril 2013



Un novo medio de información ao servizo dos veciños de Oroso

Benquerido veciño/a:

Diríxome hoxe a ti para presentarche este novo formato de "Troita", o boletín informativo do Concello de Oroso. Unha publicación que pretende achegarche todas as actividades que estamos a programar dende o Concello para que esteas permanentemente informado sobre o que acontece no teu entorno máis próximo.

Dende o Concello que presido queremos que teñas acceso a toda a información municipal dun xeito rápido e sinxelo. Por iso, "Troita" vén completar toda a oferta informativa que che ofrecemos a través da páxina web, do facebook e do twitter do Concello. Unha "Troita"

que poderás atopar todos os meses en papel (nos edificios municipais, no centro de saúde, bares e negocios en xeral) ou recibir comodamente no teu e-mail, anotándote en www.concellooroso.com.

Por último, quero aproveitar esta ocasión para invitarte dende estas páxinas a que participes nas distintas actividades que programamos dende o Concello de Oroso. Cantos máis sexamos, mellor o pasaremos.

Recibe un cordial saúdo.

Manuel Mirás Franqueira
Alcalde de Oroso

Onde podo pescar a "Troita"?

Todos os meses atoparás "Troita" en dous formatos: en papel (nos locais sociais, na Casa do Concello, na Aula de Música e no centro cultural de Sigüeiro) ou dixital (con contidos extra e remitido directamente ao teu mail). Para recibir "Troita" só tes que encher o formulario dispoñible en www.concellooroso.com



Estado actual do inmoble

Arranxo do local social de Pasarelos



O Concello de Oroso vén de iniciar as obras de rehabilitación do local social de Pasarelos, situado no inmoble da antiga escola unitaria. O Goberno Municipal de Oroso trata de ir así pechando o plan de rehabilitación, mellora e construción de locais culturais para desfrute da cidadanía por todo o Concello. Os traballos, que está a levar a cabo a brigada municipal de obras, consisten na colocación de fiestras e portas novas, pintado do inmoble e renovación dos baños interiores. O Concello de Oroso inviste preto de 40.000 euros nestes traballos, que estarán rematados antes do vindeiro mes de maio.



Xa podes recoller a túa invitación á Festa dos Maiores

O Concello de Oroso ultima os preparativos para a celebración da súa tradicional Festa dos Maiores, que terá lugar o sábado 20 de abril no pavillón polideportivo de Sigüeiro. A festa comezará ás 13:00 horas, cunha misa cantada pola [Coral de Senra](#). Tras o xantar, no que non faltarán o



Recolle a túa invitación no Departamento de Servizos Sociais dende o 1 de abril

polbo e a carne ao caldeiro, un grupo musical animará a velada para os que se animen a botar unhas baillas. O Concello xa enviou unha carta aos maiores informándolles da convocatoria. Dende o 1 de abril xa poden recoller a súa invitación no Departamento de Servizos Sociais.



Primeiras solicitudes de nichos e columnas en Marzoa



Rematado o primeiro prazo para participar no procedemento de outorgamento de nichos e columnas no [cemiterio municipal de Marzoa](#), a Comisión Municipal outorgará nos próximos días as concesións aos primeiros 18 solicitantes. O concelleiro de Medio Rural, Xaime Carneiro, lembra que aqueles veciños que queiran ter un nicho ou columna en Marzoa, e non fixeran a súa solicitude nesta quenda, teñen un ano de prazo para facelo. As solicitudes poden entregarse nas Dependencias Municipais.



O Día da Xuventude trasládase ao venres 12 de abril

A forte choiva caída durante a Semana Santa motivou o traslado do Día da Xuventude ao venres 12 de abril. A alameda de Góis acollerá unha gran festa coas orquestras Olympus e América, así como coa actuación dos DJ's David Expósito e Marco Magán e da cantante Tania Veiras. Por outra banda, o Concello de Oroso está a arranxar os locais parellos á Aula de Música, que serán destinados á mocidade orosán. O concelleiro de Xuventude, Antonio Leira, sinala tamén que "imos comezar a ofrecer actividades para os nosos mozos, como os [cursos de fotografía e graffitis](#)". Lembra que tes ata o 15 de abril para anotarte no centro cultural.





Primeira Carreira Pedestre Concello de Oroso

O Concello de Oroso organiza a primeira edición da Carreira Pedestre, que terá lugar o sábado 27 de abril a partir das 17:45 horas. "Esperamos a participación de máis de 400 adultos e dun gran número de rapaces, grazas á colaboración dos centros educativos", explica o concelleiro de Deportes, Luís Rey. Organizada en colaboración coa [Federación Galega de Atletismo](http://www.fgatletismo.es), a proba comezará ás 17:45 horas coa proba de adultos, que percorreren 9,5 km. Ás 19:00 horas, os rapaces competirán sobre distancias de entre 300 metros e 3 quilómetros. Os premios entregaranse ás 20:00 horas na praza Isaac Díaz Pardo.

Inscripcións e máis información:
www.fgatletismo.es/santiago
www.atletismogalego.org
ou 981 29 17 99



Durante as obras non se poderá aparcarse na rúa Xuncal

Comeza a reurbanización da rúa Xuncal



O Concello de Oroso inicia as obras de reurbanización da [rúa Xuncal](#) (Sigüeiro), uns traballos orzamentados en 140.450 euros e que estarán rematados antes de finais de maio. "Aínda que o prazo de execución dos traballos é de catro meses, a empresa comprometeuse co Concello a reduci-lo a pouco máis de dous meses para evitarlles molestias innecesarias aos veciños", explica o concelleiro de Vías e Obras, Eduardo Veiras.

As obras incluírán o cambio dos antigos tubos de formigón do saneamento, eliminando así os malos cheiros que se producían de cando en vez na zona, e unha renovación do alumeadado público na rúa. Ademais, eliminaranse as barreiras arquitectónicas xa que as beirarrúas estarán ao mesmo nivel, evitando os distintos escalóns que ten na actualidade. "Queremos que a rúa Xuncal se converta nunha das rúas máis importantes de Sigüeiro, pois é a entrada principal ao centro de Sigüeiro. Pretendemos que sexa unha rúa emblemática e comercial, intentando así apoiar ao comercio local nuns momentos de dificultade", sinala o alcalde Manuel Mirás.

CICLO DE CINE
VENRES 5, 12, 19 E 26 DE ABRIL
ÁS 20:00H. CENTRO CULTURAL

VENRES 5 DE ABRIL
"BIG FISH"
DIRECTOR: TIM BURTON (2003)
VONDA FUNDADA

VENRES 12 DE ABRIL
"INTOCABLE"
DIRECTOR: OLIVIER NAJASCHI, ERIC TOLEDANO (2011)
M.R. maiores de 7 anos

VENRES 19 DE ABRIL
"MASTER AND COMMANDER"
DIRECTOR: PETER WEIR (2005)
M.R. maiores de 7 anos

VENRES 26 DE ABRIL
"LO IMPOSIBLE"
DIRECTOR: JUAN ANTONIO BAYONA (2012)
M.R. maiores de 13 anos

Máis información no centro cultural no teléfono 981 499 981 ou na páxina web: www.concelloorosos.com

ORGANIZA: CONCELEIRO DE DEPORTES COLABORAN:

Curso de fotografía
Abril, maio e xuño
SÁBADOS de 11:00 a 13:00h

Profundidade de campo, Luz natural, Luz e flash, Manos, Colores, Tipos de cámaras, Fotografía nocturna.

PREZOS DE INSCRIPCIÓN: ata o 3 de abril - máis no centro cultural ou no tel. 981 499 981
PREZOS: 20€ por mes / 50€ por curso
DIRIXIDO A: De 15 a 22 anos

curso de graffiti
CONSEMENTO DAS TÉCNICAS DO SPRAY
A MANO DE GORDON FRECHER
E O CAJÓN DE CORES DE JUAN GABRIEL

VENRES de 17:30 a 19:30
Abril, maio e xuño
PREZOS DE INSCRIPCIÓN: ata o 3 de abril
PREZOS: 20€ por mes / 50€ por curso
DIRIXIDO A: De 15 a 22 anos

ORGANIZA: CONCELEIRO DE DEPORTES E OBRAS COLABORAN:

DE TAPA EN TAPA
IV EDICIÓN DO CONCURSO DE TAPAS DE OROSO

DÍAS
6, 7, 13 e 14 de abril

HORARIO DE REGISTACIÓN DAS TAPAS
DE 12:00h A 15:00h
E DE 18:00h A 22:00h

PREMIOS
CREDITO TURMAL NO BALNEARIO DE COMPOSTELA PARA DUAZ PERSOAS
3 ENTRADAS DOMINGO PARA SEMANA CASA DA ALGA NA CORONA
3 CEAS PARA DUA PERSOAS
1 BONO BELGA SOBRE EN SANMAR ESTIVALMO - SIGÜERO
4 LITROS DE BOTALLAS DE VINO LAN

EN SIGÜERO
RESTAURANTE MATEO
RESTAURANTE BARRIO
RESTAURANTE CAFE DE MANUELA
XOQUE 407
BAR TAPAS
RESTAURANTE LAZARUS
RESTAURANTE PESTO, MARIAS
O BARRIO
RESTAURANTE TRAMBA
RESTAURANTE COMTEU
RESTAURANTE
RESTAURANTE D. MARTIN

NAS PARROQUIAS
BAR O ZARZUELO (CENEN)
BAR VIDUA DE BLANCO (CENEN)
BAR STOP (CENEN)
RESTAURANTE LÓPEZ DE VILLACOR

Organiza: Colaboran:

Foi noticia...

Cooperativismo, teatro e fotografía para celebrar o Día da Muller

O Concello de Oroso conmemorou o [8 de marzo](#), Día Internacional da Muller, cunha completa axenda de actos formativos e de ocio. Uns corenta veciñas e veciños participaron na xornada "O cooperativismo: unha fórmula de emprego válida para as mulleres", durante a que se entregou un boletín informativo sobre a muller. A concelleira de Muller e Igualdade, María del Carmen Liste Raña, destaca que se trata "dunha fórmula de emprego moi interesante xa que nas cooperativas o importante non é tanto o capital como as ideas das persoas". Pola tarde, [Duende Sico](#) representou un espectáculo interactivo sobre a igualdade e se entregaron os premios do [concurso de fotografía](#), gañado por Víctor González Rivera con "A madriña". En total participaron 24 fotografías, expostas na aula de música.



Os cativos da gardería municipal da Ulloa, en colaboración co Concello, fixeron a súa tradicional plantación de sesenta árbores (carballos, bidueiros e castiñeiros) no paseo do Carboeiro.



O Concello investiu 56.000 euros en habilitar como aparcamento unha parcela de 1.300 m2 a carón da Igrexa de Trasmonte, resolvendo así os problemas de circulación que se xeraban na zona.



O II Campionato de Patinaxe "Concello de Oroso" reuniu a 130 patinadoras de Oroso, Ordes, Ames, Santiago e Getxo. As rapazas do Club Patín Oroso gañaron 11 dos 18 premios en disputa.

Axenda: Abril

5 Cine: "[Big Fish](#)" (20 h.)

6 De tapa en tapa
Contacontos (11 h.)

7 De tapa en tapa

12 Día da Xuventude
Cine: "[Intocable](#)" (20 h.)

13 De tapa en tapa
Contacontos (11 h.)

14 De tapa en tapa

15 [Listado prov. admitidos na gardería \(1-3 anos\)](#)

19 "[Master & Commander](#)" (20 h)
Club de lectura xuvenil (18 h)

20 Festa dos maiores
Contacontos (11 h.)

26 "[Lo imposible](#)" (20 h)
Rebotica dos contos (18 h)

27 Carreira Pedestre
Contacontos (11 h.)

E en maio...

10 Festa da Troita
(10-11-12 de maio)